

Unha lección de cine

Pradolongo

Esta é a unidade didáctica sobre a película *Pradolongo*. Está realizada co obxectivo de que o profesorado despois de ver a película poida traballar algo dela na clase. O profesorado, en función da diversidade do alumnado, poderá crer necesaria a reformulación dos temas de debate, así como a eliminación ou o engadido doutros que pensen que poidan ser de utilidade para o seu alumnado.

Gustaríanos coñecer as modificacións que se fagan, xa que isto pode sernos de utilidade para a elaboración de próximas unidades.

Podedes enviar esas modificacións a

ofi.normalizacion@vigo.org



Pradolongo

Un filme de Ignacio Vilar

Pradolongo é a historia de tres amigos da infancia que ven deteriorarse a súa amizade na medida en que os intereses educativos e os sentimentos amorosos entran nas súas vidas.

Raquel, Martiño e Armando son tres amigos que acaban de cumprir a súa maioría de idade. O verán preséntase como todos os demais, con festas, tardes no río... pero esta vez nada vai ser igual.



Martiño (Rubén Riós), Raquel (Tamara Canosa) e Armando (Roberto Porto)

O amor que os dous rapaces comezan a sentir por Raquel e a posible venda de Pradolongo, un prado de alta montaña pertencente á familia de Martiño, á louseira do pai de Armando, obrigaraos a reconsiderar os seus soños e os vínculos que os mantiveron unidos desde a infancia.

A rodaxe realizouse en agosto e setembro de 2007, en Valdeorras (Ourense), nos concellos de Petín, A Rúa, O Barco, Vilamartín, A Veiga e Carballeda.

O director, Ignacio Vilar, sorprende unha vez máis o espectador coa recreación de espazos tan impresionantes como o da lagoa de Ocelo en Pena Trevinca, as canteiras de lousa no concello de Carballeda de Valdeorras e mesmo a aldea de Robledo en Vilamartín que xa foi inmortalizada en traballos previos do director (*Un bosque de música* e *A aldea: o antigo e o novo*).



Lagoa de Ocelo e as canteiras de Carballeda de Valdeorras

Así mesmo, outro dos trazos diferenciadores deste filme é que foi rodado no galego de Valdeorras.

Outra das particularidades desta película é a idade dos seus protagonistas. Por este motivo, debido á escaseza de profesionais menores de vinte anos, o director, Ignacio Vilar, realizou un *casting* por institutos da zona (A Rúa, O Barco, Carballeda, Viana do Bolo, Quiroga, O Carballiño, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia) co fin de seleccionar todos aqueles rapaces que tivesen entre dezaseis e dezaioito anos, falasen galego e mostrasen uns certos dotes interpretativos. Deste xeito, once rapaces e rapazas puideron asistir ao curso de interpretación que se celebrou no Cine Avenida da Rúa entre os meses de decembro de 2006 e maio de 2007.

Do Curso de Interpretación Actoral elixiuse a Roberto Porto que interpreta a Armando, a Cristina Rodríguez no papel de Loli e a Laura Álvarez no papel de Neves.

Do mesmo xeito, outros actores xa consolidados como Mela Casal, Gonzalo Rei Chao, Carlos Sante, Antonio Mourellos, Belén Constenla e Pepo Suevos, entre outros, tamén moi coñecidos polo seu traballo en múltiples obras de teatro, series e programas da TVG, serán os encargados de dar vida a outros personaxes importantes da película.

Preguntas e debate sobre a película

Para responder algunhas destas preguntas sería conveniente que o alumnado visitase a biblioteca e manexase algunha enciclopedia ou outros materiais de consulta cos que conte o centro e que asistise tamén á sala de ordenadores para facer buscas na rede guiadas polo profesor.

1. Presenta e analiza os personaxes principais e secundarios. Explica a relación que hai entre eles e os motivos que levan os protagonistas a enfrontarse do modo en que o fan.

2. Martiño é novo mais non renuncia ás súas raíces, e soña con poder manter no futuro a gandería e as terras da casa introducindo innovacións. Fala e explícalles aos seus pais as vantaxes da “gandería ecolóxica”.

Investiga e debate sobre que é a agricultura e a gandería ecolóxica.

3. Que vantaxes pensas que te pode proporcionar a produción ecolóxica como consumidor ou consumidora? E cara á conservación dos recursos naturais?

Investiga e debate. A produción ecolóxica de alimentos persegue a calidade no produto e a sostibilidade do medio natural, aínda que é de inferior rendemento económico. A agricultura e gandería intensivas son máis rendibles, pero moito máis contaminantes. Se non é tan rendible, non é logo unha contradición a produción ecolóxica? Que postura defendes?

4. No principio da película pódese escoitar nunha discusión entre Martiño e o seu irmán Roi a frase "O campo xa non interesa". Debate sobre esta afirmación. Estás de acordo con ela?

Investiga en internet sobre o volume de produción agrícola, gandeira e forestal de Galicia xunto co número de traballadores e traballadoras nestes sectores produtivos.

Pregunta. Pódese manter unha afirmación como a de que o campo non interesa?

5. En *Pradolongo* preséntase un tema de actualidade: a viabilidade de manter actividades sostibles co medio natural, de maneira paralela con outras actividades produtivas contaminantes, ou que alteran a riqueza paisaxística.

-**Por unha banda**, fálase que a produción de lousa é unha actividade moi rendible, que enriquece unha comarca e xera postos de traballo; actividade da que e difícil prescindir.

-**Pola outra banda**, vemos como as actividades tradicionais do campo poden xerar igualmente riqueza aplicando técnicas innovadoras, conservando o medio e evitando que se extingan oficios e formas de vida que veñen do pasado.

Debate. Sen deterse nas motivacións económicas dos personaxes da película, pensas que é posible a convivencia destes dous modelos produtivos?

Pregunta. Nun momento da película, Martiño descobre a clave de como manter a riqueza paisaxística de Pradolongo xunto coa existencia dunha canteira de lousa. De que maneira?

6. Que é a *economía sostible*? Pensas que a economía pode ser sostible? Non é isto unha contradición? Debate con feitos e exemplos como se pode xerar riqueza e postos de traballo sen renunciar a conservar o medio natural.

Exemplo. A produción de enerxía eléctrica sen empregar combustibles fósiles.

Pregunta. Pensas que pagaría a pena esforzarse en desenvolver durante uns anos novas industrias máis respectuosas coa natureza? Razo a túa resposta. Se pensas así, enumera eses beneficios que se poden acadar.

7. Acotío vemos e lemos nas noticias agresións irreparables ao medio natural produto das actividades dos humanos. Mais a protección da natureza comeza coa suma dos nosos esforzos individuais no día a día.

Debate. Que comportamentos sostibles tes ti ao longo do día? Que outros hábitos se che ocorren que serían desexables? Suporíache algunha dificultade adquirir eses hábitos?

8. En *Pradolongo* podemos ver un exemplo de asociacionismo entre os veciños como medio de facer presión e mudar unha situación. Que opinión tes sobre esta maneira de encarar os problemas nunha comunidade? Consideras o asociacionismo como algo útil?

-O obxectivo da asociación é manter e defender o medio de vida dos veciños que traballan en actividades relacionadas coa natureza. Para eles a paisaxe é un valor. Pero tamén son conscientes do valor da canteira para a comarca.

Debate. Tendo en conta como se desenvolven os acontecementos e como remata a película, consideras que a asociación chegou a unha decisión consensuada e útil, ou ao final primaron outros intereses entre os veciños? Que farías no seu lugar?

9. E agora, un pouco de lingua: *vrao, prospeciois...* Que vos chama a atención do xeito de falar dos personaxes de Pradolongo? En que se diferencia do xeito de falar da vosa zona? Recordades algún termo máis que se diga de xeito diferente?

-Falan de xeito diferente a vós porque é outra **variedade xeográfica**. Ademais de coñecer a variedade xeográfica do lugar onde vivides, é importante que coñezades a **variedade lingüística estandarizada**, é dicir, unha forma común de lingua para todos os falantes e que se debe empregar na comunicación escrita e nos usos formais.

10. Talvez xa estudastes na clase os bloques en que se pode diferenciar o territorio galegofalante, así temos o bloque occidental o central e o oriental. A ver se sodes quen de distinguir en que zona se di cada un dos termos que se presentan.

Será moi sinxelo. Lembrade que o concello de Vigo pertence ao bloque occidental e que o lugar onde se desenvolve o filme (Valdeorras) pertence ao bloque oriental; así que os termos que non se asemellen ao voso xeito de falar nin ao de Raquel, Martiño ou Armando, corresponderán ao bloque central.

cancións (occidental)

canciós (central)

canciois (oriental)

pantalóns (occidental)

pantalós (central)

pantalois (oriental)

11. A nosa lingua tamén se fala fóra das fronteiras xeográficas de Galicia. De feito tamén se ensina nas aulas. Bota man de internet a ver se es quen de descubrir en que lugar se fala e as súas características.